

67 GRAOS OURENSE FERVESCÉNICA

O FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE OURENSE (FITO) convoca 4 bolsas de creación destinadas á promoción e ao diálogo entre os artistas ourensáns.

A 15ª edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense, que terá lugar entre os días 13 e 23 de outubro deste ano acollerá, xunto coa exhibición de espectáculos, os froitos de 4 bolsas de creación de pezas a escala que porán o acento nas creadoras e nos creadores ourensáns buscando e promovendo o diálogo entre disciplinas artísticas e apoiando a fortaleza e o pulo creativo do sector na cidade e na provincia. O Festival abre a convocatoria dun concurso de ideas onde os creadores poderán postularse para ser os beneficiarios desas cinco bolsas de creación correspondentes a cinco micro-espectáculos, *performances* ou pezas singulares de pequena escala que deberán ter como carta de natureza a contemporaneidade, a hibridación e o diálogo entre artistas, xéneros e disciplinas englobadas dentro das artes vivas.

Baixo o título **67 graos Ourense Fervescénica**, –nome que fai referencia á temperatura coa que sae a auga do cano grande da Burga–, as catro propostas seleccionadas contarán cunha achega por parte do FITO de 250 € cadansúa, para facer fronte aos gastos de produción dos micro-espectáculos cunha duración máxima de 20 minutos e mínima de dez, que con posterioridade se exhibirán no Teatro Principal nunha única xornada. Serán os espectadores a esta xornada de exhibición os que elixirán de entre as pezas seleccionadas a gañadora dun premio de 500 €.

Con esta iniciativa o FITO busca reforzar a influencia positiva a nivel social, cultural, artístico e económico que xera o festival activando o tecido cultural de base ademais do profesional, promovendo unha cidade viva e visibilizando a cultura e os seus profesionais.

67 graos-Ourense Fervescénica pretende, dentro das súas posibilidades, demandar de xeito proactivo políticas que incentiven e non castiguen a acción cultural, divulgar novas linguaxes artísticas no ámbito das artes escénicas, e pór acento no desmantelamento cultural e as políticas desactivadoras.

A recepción de propostas, que poderá facerse **on-line a través da páxina web do festival e do seu correo**, permanecerá aberta ata o día **5 de outubro**.

Para participar no Certame, é necesario enviar o seguinte material vía ON-LINE ou a través do correo postal:

- Solicitude de inscrición cos seguintes datos:

Datos completos da persoa ou entidade solicitante no que se inclúa

— Breve historia e traxectoria dos participantes

— Dossier da proposta que debe contar brevemente a descrición do argumento, ficha artística e necesidades técnicas para a súa exhibición

O material requerido enviarase preferentemente vía ON-LINE, a través da páxina web do festival www.fitoourense.com ou ao correo do mesmo fitoourense@yahoo.es

Tamén poderán facerse chegar as propostas vía correo postal ao seguinte enderezo:

Sarabela Teatro
Valle Inclán nº 3 Oficina 3
32004 OURENSE